



FACULTADE DE FILOLOXÍA
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

Gramática Galega 2

María Álvarez de la Granja
Ernesto Xosé González Seoane

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO
2011/2012

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

AUTORES: María Álvarez de la Granja, Ernesto Xosé González Seoane
Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros), sen consentimento expreso por escrito dos autores.

GRAMÁTICA GALEGA 2 [651501]

GUÍA DOCENTE

DESCRINCIÓN DA MATERIA

Tipo:	Materia Ordinaria RD 1497/1987	
Departamento:	Filoloxía Galega	
Area de coñecemento:	Filoloxías Galega e Portuguesa	
Centro:	Facultade de Filoloxía	
Período:	Primeiro semestre	
Profesores:	María Álvarez de la Granja (despacho 110) Ernesto Xosé González Seoane (despacho 221)	
Titorías:	María Álvarez de la Granja: martes de 10:30-14:30 e xoves de 16:00-18:00 (despacho 110) Ernesto Xosé González Seoane: luns e martes de 9:00 a 12:00	
Lingua da docencia:	Galego	
Créditos		
Teóricos	Prácticos	Total
3	3	6
ECTS		
6		

Ofértase nas seguintes titulacións, co carácter que se indica:

Titulación	Carácter	Curso
Licenciatura en Filoloxía Galega	Troncal	5º
Licenciatura en Filoloxía Portuguesa	Optativa específica	1º e 2º Ciclos
Licenciatura en Filoloxía Románica	Obrigatoria	5º

Na materia Gramática Galega 2 ofrécese unha caracterización do LÉXICO GALEGO atendendo a catro aspectos complementarios: o seu significado, a súa creación, a constitución dunha variedade léxica estándar e a súa compilación nos dicionarios. Esta materia insírese no marco da descrición (e explicación) sincrónica completa da gramática galega desenvolvida tamén nas materias de segundo ciclo Gramática Galega 1 (fonética e fonoloxía), Morfoloxía Galega (morfoloxía gramatical) e Sintaxe Galega, e iniciada xa nas materias de primeiro ciclo. Deste xeito, algúns dos contidos que se expoñerán en Gramática Galega 2 serán unha ampliación de aspectos presentados de forma xeral nos temas Semántica e Morfoloxía da materia de primeiro ciclo Lingua Galega 2.

OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA

De acordo cos catro bloques temáticos que constitúen a materia, pódense sinalar catro obxectivos xerais, que serán desenvolvidos nas fichas específicas para cada tema, e que de súa vez son realización do obxectivo máis xenérico de "adquirir unha visión global das características e do funcionamento do léxico".

1. Comprender o concepto "significado" e as relacións de significado.
2. Coñecer a estrutura e a tipoloxía dos dicionarios.

3. Coñecer os procedementos de arrequentamento do léxico galego.
4. Coñecer as principais tarefas implícitas na elaboración da variedade léxica estándar do galego.

COMPETENCIAS XERAIS DA MATERIA

Unha vez rematado o curso, o alumno deberá ter a capacidade de analizar un texto ou unha palabra desde o punto de vista léxico, atendendo ao seu significado e ás súas relacións de significado, ao seu proceso de formación, e á súa caracterización con respecto á variedade léxica estándar galega. Así mesmo deberá ter a capacidade de crear e de valorar criticamente unha entrada lexicográfica. Estas competencias xerais serán tamén especificadas nas fichas presentadas para cada tema:

BLOQUES TEMÁTICOS

TEMA I.- SEMÁNTICA LÉXICA (16 horas)

a. Contidos

1. A disciplina lingüística
 - 1.1. A Semántica fronte á Pragmática
 - 1.2. Semántica léxica, semántica gramatical, semántica composicional
2. O concepto de significado
 - 2.1. Referencia e denotación
 - 2.2. O significado
 - 2.2.1. O significado na Lingüística Estrutural
 - 2.2.2. O significado na Lingüística Cognitiva. A teoría dos prototipos
3. Relacións de significado
 - 3.1. Relacións semánticas paradigmáticas
 - 3.1.1. Hiperonimia-hiponimia
 - 3.1.2. Holonimia-meronimia
 - 3.1.3. Sinonimia
 - 3.1.4. Relacións de oposición
 - 3.1.5. Estructuras léxicas
 - 3.2. Relacións semánticas sintagmáticas
4. Extensións do significado
 - 4.1. Metáforas
 - 4.2. Metonimias
5. Polisemia e homonimia

b. Obxectivos

1. Situar correctamente a semántica no marco das outras disciplinas lingüísticas e coñecer as distintas disciplinas e subdisciplinas que se encargan do estudo do significado.
2. Comprender a diferenza entre referente, *denotatum* e significado.
3. Reflexionar sobre o significado das palabras.
4. Coñecer as principais diferenzas entre a aproximación estrutural e aproximación cognitiva ao estudo do significado.
5. Coñecer os distintos tipos de relacións semánticas existentes e reflexionar sobre as súas características.
6. Recoñecer a importancia das metáforas e das metonimias como mecanismos cognitivos fundamentais da linguaxe e do pensamento humanos.
7. Comprender a necesidade da distinción entre polisemia e homonimia e coñecer as fontes principais do fenómeno polisémico.

c. Competencias

1. Sinalar correctamente o marco no que se debe inserir determinada aproximación ao significado.
2. Determinar cal é o lexema, o arquisemema e o arquilexema de exemplos concretos.
3. Nomear trazos prototípicos de conceptos dados e extraer conclusións sobre a existencia de tal prototipo.
4. Identificar diferentes tipos e subtipos de relacións de significado.
5. Identificar o nivel de categorización básica dun conxunto de termos.
6. Distinguir entre lagoa léxica e lagoa conceptual.
7. Descubrir metáforas ou metonimias conceptuais a partir dun grupo de expresións figuradas.
8. Discriminar a orixe dun fenómeno de polisemia.

d. Seminario *Lingüística estrutural e lingüística cognitiva*

As características e as diferenzas fundamentais entre a lingüística estrutural e a lingüística cognitiva serán analizadas nun seminario no que se confrontarán textos representativos das dúas correntes de estudo. Tales textos, facilitados previamente polo profesor, deberán ser obxecto de lectura por parte do alumno fóra das aulas.

e. Lectura, traballo dirixido e titorías en grupo

A linguaxe figurada

O punto 4 deste tema será preparado polos alumnos a partir das lecturas facilitadas polo profesor. As dúbidas e as cuestións xurdidas despois desta lectura serán discutidas en titorías en grupo que terán lugar nas datas indicadas no calendario. A mesma sesión de titorías servirá para que o profesor lles facilite aos alumnos as indicacións

precisas para a realización dun traballo sobre a linguaxe figurada galega. O prazo para a entrega do traballo remata o 22 de decembro.

f. Bibliografía básica

- Coseriu, E. (1981²): *Principios de semántica estrutural*. Madrid: Gredos.
- Cuenca, M. J. / J. Hilferty (1999): *Introducción a la lingüística cognitiva*. Barcelona: Ariel.
- Freixeiro Mato, X. R. (1999): *Gramática da lingua galega III. Semántica*. Vigo: A Nosa Terra.
- Lakoff, G. / M. Johnson (1980): *Metaphors We Live By*. Chicago: University of Chicago Press (Trad. cast.: *Metáforas de la vida cotidiana*. Madrid: Cátedra, 1991 [1986]).

g. Bibliografía complementaria

- Croft, W. / A. Cruse (2004): *Cognitive Linguistics*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Gutiérrez Ordóñez, S. (1992): *Introducción a la semántica funcional*. Madrid: Síntesis.
- Hudson, R. (1995): *Word Meaning*. London: Routledge.
- Hurford, J. R. et alii. (2007²): *Semantics: a coursebook*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Lopes, A. C. Macário / G. Rio-Torto (2007): *Semântica*. Lisboa: Caminho.
- Lyons, J. (1980): *Semántica*. Barcelona: Teide.

TEMA II.- LEXICOGRAFÍA (6 horas)

a. Contidos

1. Tipoloxía das obras lexicográficas
 - 1.1. Que é un dicionario?
 - 1.2 Tipos de dicionarios
- 2 Estrutura dos dicionarios
 - 2.1. A macroestrutura
 - 2.1.1. A disposición do léxico
 - 2.1.2. A selección do léxico
 - 2.2. A microestrutura
 - 2.2.1. A información recollida no dicionario
 - 2.2.2. Criterios para a ordenación das acepcións
 - 2.2.3. A definición
3. Panorama da lexicografía galega
 - 3.1. Os primeiros dicionarios

3.2. Os dicionarios modernos

b. Obxectivos

1. Coñecer a tipoloxía de obras lexicográficas.
2. Introducirse na terminoloxía lexicográfica.
3. Coñecer cales son os principais problemas aos que se enfronta o lexicógrafo.
4. Coñecer os tipos de definición existentes.
5. Coñecer a evolución da lexicografía galega e o seu estado de desenvolvemento na actualidade.

c. Competencias

1. Identificar e etiquetar correctamente unha obra lexicográfica en relación á súa tipoloxía.
2. Discriminar e etiquetar correctamente os diferentes tipos de información que se recollen nunha entrada lexicográfica.
3. Empregar a terminoloxía específica.
4. Elaborar unha entrada lexicográfica con certo grao de compleción e corrección.
5. Enxuizar o grao de corrección e compleción dunha entrada lexicográfica e valorar criticamente a calidade dun dicionario.

d. Seminario

O punto 2.2 deste tema será analizado desde un punto de vista práctico en dúas sesións de seminario nas que se traballará con entradas lexicográficas de diferentes dicionarios.

e. Lecturas

O punto 3 deste bloque temático deberán preparalo os estudantes a partir da lectura de dous traballos seleccionados de entre a bibliografía básica (González Seoane 2003 e a "Introdución" de Santamarina 2003³).

f. Bibliografía básica

- González Seoane, E. (2003): "A lexicografía galega moderna", en H. Monteagudo / X. Bouzada (coords.): *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*. Volume III: *Elaboración e difusión da lingua*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 165-227.
- Haensch, G. et alii (1982): *La lexicografía. De la lingüística teórica a la lexicografía práctica*. Madrid: Gredos.
- Santamarina, A. (dir.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 2000.

g. Bibliografía complementaria

- Fontenelle, (2008): *Practical Lexicography. A Reader*. Oxford: Oxford University Press.
- Landau, S. I. (1992): *Dictionaries. The art and craft of lexicography*. Cambridge: Cambridge University Press, 1989.
- Rey, A. (1977): *Le lexique: images et modèles. Du dictionnaire à la lexicologie*. Paris: Armand Colin.

TEMA III.- FORMACIÓN DE UNIDADES LÉXICAS (12 horas)

a. Contidos

1. Vías de arrequentamento do léxico
2. Morfoloxía léxica e morfoloxía flexiva
 - 2.1. Flexión e derivación
 - 2.2. Afixación apreciativa
3. Conceptos básicos de morfoloxía léxica
 - 3.1. Regularidade, produtividade e estruturación xerárquica
 - 3.2. Unidades da análise morfolóxica
 - 3.3. Raíz, tema e base
 - 3.4. Regras de formación de palabras
4. Procesos morfolóxicos de formación de palabras
 - 4.1. Procesos e regras
 - 4.2. Derivación
 - 4.2.1. Procesos morfolóxicos derivativos
 - 4.2.2. Derivación inmediata e derivación regresiva
 - 4.2.3. Afixación derivativa
 - 4.2.4. Parasíntese
 - 4.3. Composición
5. Procesos morfolóxicos e regras de formación de palabras en galego
6. Outros procesos de formación de unidades léxicas
 - 6.1. Procesos de formación de palabras (unidades monoverbais)
 - 6.2. Procesos de formación de unidades léxicas pluriverbais

b. Obxectivos

1. Coñecer os procedementos que as linguas empregan para a formación de unidades léxicas.

2. Delimitar a morfoloxía léxica fronte á morfoloxía flexiva.
3. Identificar e caracterizar os distintos tipos de unidades morfolóxicas que interveñen nos procesos de formación de palabras.
4. Delimitar o concepto de Regra de Formación de Palabras e presentar os tipos de información que debe conter.
5. Delimitar e caracterizar os distintos tipos de procesos formativos.

c. Competencias

1. Capacidade para analizar palabras morfoloxicamente complexas atendendo á súa estrutura e ao proceso formativo mediante o cal foron xeradas.
2. Capacidade para describir, a partir dun corpus de exemplos, o funcionamento dun afixo determinado.
3. Capacidade para avaliar a produtividade sincrónica de afixos e procesos.

d. Seminario: *Unidades da análise e tipos de procesos morfolóxicos*

Estas cuestións, correspondentes aos puntos 3 e 4 do programa, serán abordadas inicialmente nun seminario que os estudantes deberán preparar mediante a lectura previa do traballo de Pena (1991) citado na bibliografía básica.

e. Bibliografía básica

- Álvarez, R. / X. Xove (2002): "Formación de palabras", en *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia, 673-750.
- Pena, J. (1991): "La palabra: estructura y procesos morfológicos", *Verba* 18, 69-128.
- Varela Ortega, S. (1992): *Fundamentos de morfología*. Madrid: Síntesis.

f. Bibliografía complementaria

- Almela Pérez, R. (1999): *Procedimientos de formación de palabras en español*. Barcelona: Ariel.
- Bybee, Joan L. (1985): *Morphology : a study of the relation between meaning and form*. Amsterdam : John Benjamins.
- Freixeiro Mato, X. R. (1999): *Gramática da lingua galega III. Semántica*. Vigo: A Nosa Terra.
- Lang, M. F. (1990): *Formación de palabras en español. Morfología derivativa productiva en el léxico moderno*. Madrid: Cátedra.
- Rio-Torto, G. M. (1998): *Morfología derivacional. Teoría e aplicación ao portugués*. Porto: Porto Editora.
- Scalise, S. (1987): *Generative Morphology*. Dordrecht: Foris. Trad. esp.: *Morfología generativa*. Madrid: Alianza, 1984.
- Vilela, M. (1994): "A formação de palavras", en *Estudos de lexicologia do português*. Coimbra: Almedina, 51-125.

TEMA IV.- ESTANDARIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DO LÉXICO (10 horas)

a. Contidos

1. Marxinalidade e contacto lingüístico. As súas repercusións sobre o léxico
 - 1.1. O castelanismo léxico e semántico
 - 1.2. O castelán como lingua de interposición
 - 1.3. A mediatización das escollas léxicas
 - 1.4. Purismo e diferencialismo
2. A estandarización do léxico
 - 2.1. Depuración e selección do léxico da variedade estándar
 - 2.2. A planificación da neoloxía
 - 2.2.1. A neoloxía de creación propia
 - 2.2.2. O préstamo léxico: tipoloxía e criterios de aceptabilidade.

b. Obxectivos

1. Mostrar que as repercusións sobre o léxico da situación de contacto lingüístico entre galego e castelán van máis alá da simple introdución de castelanismos léxicos.
2. Identificar as diferentes tarefas que implica a codificación do léxico da variedade estándar.
3. Coñecer os métodos e os recursos que emprega a planificación da neoloxía.

c. Competencias

1. Capacidade para recoñecer os efectos do contacto lingüístico galego-castelán.
2. Capacidade para avaliar e realizar xuízos de aceptabilidade sobre os neoloxismos circulantes.
3. Capacidade para identificar préstamos e caracterizalos tipoloxicamente.

d. Seminario: *Criterios para a selección do léxico da variedade estándar*

Na data fixada no cronograma celebrarse unha sesión de seminario sobre este tema que os estudantes deberán preparar mediante a lectura do traballo de Santamarina (2003) citado na bibliografía básica.

e. Traballo dirixido e titorías en grupo

Os alumnos deberán realizar un traballo que, partindo dun texto que lles proporcionará o profesor, consistirá en identificar e describir as consecuencias que se derivan para o léxico galego da situación de contacto co castelán. Para iso no cronograma prevese unha sesión de titorías en grupo en que se fornecerán as

indicacións metodolóxicas necesarias para realizar o dito traballo. O prazo para a súa entrega remata o 26 de xaneiro.

f. Bibliografía básica

- Gómez Capuz, J. (1998): *El préstamo lingüístico: conceptos, problemas y métodos*. València : Universitat.
- Gómez Clemente, X.M. / A. Rodríguez Guerra (coords.) (2003): *Neoloxía e lingua galega: teoría e práctica*. Vigo: Universidade.
- Rodríguez Río, X. A. (2003): *Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Santamarina, A. (2003): "O VOLG: criterios de elaboración", en Álvarez de la Granja, M. / E. González Seoane (eds.): *A estandarización do léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 53-92.

g. Bibliografía complementaria

- Álvarez de la Granja, M. / E. González Seoane (2003): *A estandarización do léxico*. Santiago: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega.
- Fernández Salgado, B. / H. Monteagudo (1995): "Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea", en H. Monteagudo (ed.): *Estudios de sociolingüística galega*. Vigo: Galaxia, 99-176.
- García González, C. (1976): "Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano", *REL* 6/2, 327-343. Versión galega en *Temas de lingüística galega*. A Coruña: La Voz de Galicia, 1985, 109-140.
- Kiesler, R. (1993): "La tipología de los préstamos lingüísticos: no sólo un problema de terminología", en *Zeitschrift für Romanische Philologie* 109/5-6, 505-525.
- Santamarina, A. (1994): "Norma e estándar", en G. Holtus et alii (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, vol. VI/2. Tübingen: Max Niemeyer, 66-79.

METODOLOXÍA

A metodoloxía de ensino combina:

1. *Sesións de aulas teórico-prácticas* nas que a exposición teórica do profesor se verá complementada habitualmente con exercicios que se realizarán na aula ou fóra dela (*vid. infra* "Materiais de apoio"). Dependendo da amplitude dos contidos teóricos e do seu grao de dificultade, os exercicios terán como obxectivo apoiar a dita explicación teórica ou verificar o grao de comprensión atinxido e as dificultades que se lle presentan ao alumno. Dado que, como se indicou, a realización de exercicios será en certos casos un complemento da explicación, non hai unha distribución horaria específica teoría / práctica.
2. *Seminarios* específicos sobre un tema do programa. As características propias de cada seminario sinalanse nos bloques temáticos.

3. *Tutorías en grupo* que servirán para a formulación de dúbidas e consultas, para a corrección de exercicios, para a presentación de traballos e para a verificación da correcta evolución destes.
4. *Materiais de apoio*, que servirán para complementar as sesións de aulas teórico-prácticas.
5. *Traballos dirixidos polo profesor*, cuxas características específicas se detallan baixo cada bloque temático.

Todo aquel estudante que desexe seguir este sistema de ensino / aprendizaxe, que leva aparelado un sistema de avaliación continua, debe ter en conta que **a asistencia ás actividades e a realización dos traballos que se encomenden son obrigatorias**. Os estudantes deberán xustificar as faltas, que en ningún caso serán máis de seis horas presenciais. No caso de que algún estudante non poida asistir a unha tutoría en grupo, deberá concertar cita co profesor para realizar unha tutoría personalizada.

AVALIACIÓN

CONVOCATORIA ORDINARIA (xuño)

A cualificación dos estudantes que optan por un sistema de avaliación continua determinarase a través das seguintes canles de avaliación:

- exercicios, pequenos traballos e participación na clase (10%)
- cualificación obtida nun exame escrito cuxa data se acordará cos alumnos (60%). A cualificación obtida nesta parte debe ser igual ou superior a cinco (sobre dez) para poder superar a materia.
- cualificación obtida nos traballos dirixidos (30%)

Os estudantes que sigan o sistema de avaliación continua pero non aproben ou non se presenten ao exame escrito arriba indicado poderán concorrer ao exame final, que se celebrará na data fixada no calendario oficial. En todo caso, para superar a materia deberán igualmente aprobar o exame e obter unha nota mínima de 5 entre exame (60%), exercicios, pequenos traballos e participación na clase (10%), e traballos dirixidos (30%). Os traballos, lecturas e exercicios son obrigatorios para todos os alumnos, incluídos aqueles que non se presenten ao exame escrito previo ao oficial, e deberán ser entregados dentro do prazo marcado polos profesores.

Aqueles estudantes que non sigan un sistema de avaliación continua deberán concorrer ao exame final, que se celebrará na data fixada no calendario oficial. Para superar a materia deberán aprobar este exame e obter ademais unha nota mínima de 5 entre exame (70%) e traballos dirixidos (30%).

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (setembro)

Os estudantes que non superaron a materia na convocatoria ordinaria de xuño poderán presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro.

Para os estudantes que seguiron un sistema de avaliación continua, a cualificación obtida resultará da suma das cualificacións obtidas no exame (60%), exercicios, pequenos traballos e participación na clase ao longo do curso (10%), e traballos dirixidos (30%). Para aprobar a materia deberán aprobar o exame (nota igual ou superior a 5). A nota final debe ser superior ou igual a 5.

Para os estudantes que non seguiron un sistema de avaliación continua, a cualificación obtida resultará da suma das cualificacións obtidas no exame (70%) e nos traballos dirixidos (30%). Para aprobar a materia deberán aprobar o exame (nota igual ou superior a 5). A nota final debe ser superior ou igual a 5.

DISTRIBUCIÓN DAS ACTIVIDADES

ACTIVIDADES	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON- PRESENCIAIS	TOTAL
Clases teórico-prácticas	31	62	93
Seminarios	10	10 TD	20
Traballos + titorías en grupo	2	25 TD + 2	29
Exame	2	6	8
TOTAL	45	35 TD + 70 = 105	150

TD= Trabajo dirixido obrigatorio

CRONOGRAMA

OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO	XANEIRO
4 Presentación (1 hora NP)	3 Tema I	1 Tema III	10 Tema IV
6 Tema I	8 Tema I Titorías en grupo	13 Tema III	12 Tema IV Titorías en grupo
11	10 Tema II	15 Tema III	17
13 Tema I Seminario	15 Tema II	20 Tema III	19 Tema IV Seminario
18 Tema I Seminario	17 Tema II Seminario	22	24 Tema IV
20 Tema I	22 Tema III		26 Tema IV
25 Tema I	24		
27 Tema I	29 Tema III Seminario		